



ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN OBRA "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO DO PARQUE EMPRESARIAL DE AREAS, TUI", SUBSANACIÓN AO SOBRE Nº 1 "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA" E ACORDO DE EMPRESAS ADMITIDAS Á LICITACIÓN. APERTURA SOBRE Nº 2. CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás dez horas e cinco minutos do día 30 de outubro de 2017, réunese en acto non público a MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros.

Asistentes:

- Presidente: Carlos Vázquez Padín, Alcalde-presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.

Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.

José Manuel Ferreiroa González, arquitecto técnico municipal.

María Jesús Da Silva Fernández, concelleira de Urbanismo.

Secretario:

José Ángel Fernández Rodríguez, funcionario do concello.

1.- A Mesa de Contratación celebrada con data 20 de outubro de 2017, procedeu á apertura do sobre 1 desta licitación. Se presentan á licitación as seguintes empresas:

EMPRESAS	Nº RXE
Zona de Obra O Rosal S.L.U,	9337
Servicios Eléctricos Abelmar, s.l.	9499
Industrial Eléctrica de Galicia s.l.	9508
Juan R. Font, s.l.	9513
Electricidad IN.M.A.C. Condado s.l.	9543
Valdonaire Soluciones Técnicas s.l.	9544
Microled La Mancha s.l.	9547
Pool Time s.l.	9559
Construcciones Seovi s.l.	9562
Enerfree, s.l.	9570
New Energy Concept 2020 S.L.	9611
Aopil, s.l. Montajes Eléctricos Construcción	9612
Montajes Xacobeo, s.l.	9615
Mabegal s.l.u.	9616
Excavaciones y Construcciones Barreiro, S.L.	9617
Globaser Soluciones Integrales, s.l.	9619
Manuel Pardeiro Fernández	9620
Imesapi, s.a.	9622
Airis Technology Solutions, s.l.	9623
S3 Systems & Solutions, s.l.	9624

Unha vez comprobada a documentación aportada polas empresas licitadoras arriba indicadas, a Mesa de Contratación acorda o seguinte:

1º.-Requirir á empresa **Zona de Obra O Rosal, S.L.**, para que se axuste ó modelo de declaración responsable que figuran nos pregos (omítense os puntos 7º e 11º do modelo recollido como anexo II do prego de cláusulas administrativas, que son os relativos a: “7º.- *Que a empresa á que represento está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Tui e coa Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes*” e. “11º.- *Que a oferta que presento garante respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración dos produtos e/ou servizos, así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas medioambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da UE, así como das disposicións de Dereito internacional sobre estas materias subscritas pola Unión Europea*).

2º.-Requirir á empresa **Juan R. Font, S.L.**, para que se axuste ó modelo de declaración responsable que figura nos pregos (omítense os puntos 5º a 11º do modelo recollido como anexo II do prego de cláusulas administrativas, que son os relativos a:

“5º.- Que a mercantil..... (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.

(Entenderase por sociedades dun mesmo grupo empresarial aquelas que se atopen nalgún dos supostos contemplados no artigo 42.1 do Código de Comercio).

6º.- Que nin eu persoalmente nin a persoa xurídica á que represento estamos incursos en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido Lei de Contratos do Sector Público.

7º.- Que a empresa á que represento está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Tui e coa Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes.

8º.-. No suposto de que no prego de cláusulas administrativas particulares se esixan medios persoais ou materiais, declaro o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais que no mesmo se contemplan.

9º.- Que a empresa á que represento NON / SI (márquese o que proceda) ten un número de 50 ou máis traballadores, (en caso de superar esa cifra) sendo o número de traballadores con discapacidade na empresa de....., o que supón un% traballadores pertencentes a este colectivo, (alternativamente, segundo o caso), significando que supliuse a esixencia legal de dispoñer no cadro de persoal con máis do 2% de traballadores con discapacidade polas medidas alternativas legalmente previstas seguintes:.....

10º.- No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

11º.- Que a oferta que presento garante respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración dos produtos e/ou servizos, así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas medioambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da



UE, así como das disposicións de Dereito internacional sobre estasmaterias subscritas pola Unión Europea”).

3º.-Requirir á empresa **.Microled La Mancha S.L.**, para que especifique o importe (porcentaxe) a subcontratar e o nome da empresa ou perfil da empresa subcontratada.

4º.-Requirir á empresa **Construcciones SEOVI, S.L.**, para que se axuste a declaración responsable que figuran nos pregos (omite o punto 5º do modelo recollido como anexo II do prego de cláusulas administrativas, que é o relativo a: 5º.-*Que a mercantil..... (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación).*

5º.-Requirir á empresa **ENERFREE, S.L.**, para que acredite o importe (porcentaxe) a subcontratar.

6º.-Requirir á empresa **New Energy Concept 2020, S.L.**, para que relacione as empresas do grupo para verificar que non participan na presente licitación.

7º.-Requirir ao licitador **Manuel Pardeiro Fernández**, para que acredite a solvencia económica e financeira, e técnico profesional nos termos do prego de cláusulas administrativas particulares.

8º.-Conceder ao efecto un prazo de 1 día hábil a partir do seguinte ao da recepción do requirimento para que os licitadores requiridos subsanen os defectos advertidos.

Recíbense no Rexistro Xeral do Concello escritos das empresas requiridas que a continuación se relacionan:

EMPRESAS	DATA	Nº RXE
Zona de Obra O Rosal S.L.U,	24/10/ 17	9855
Juan R. Font, s.l.	24/10/ 17	9888
Microled La Mancha s.l.	23/10/ 17	105 RE
Construcciones Seovi s.l.	24/10/ 17	9887
Enerfree, s.l.	23/10/ 17	104 RE
New Energy Concept 2020 S.L.	24/10/ 17	107 RE
Manuel Pardeiro Fernández	26/10/ 17	9947

2.-A Mesa de contratación en sesión non pública valora a documentación presentada e acorda:

Que todas as empresas requiridas, agás o licitador Manuel Pardeiro Fernández, teñen subsanados os defectos que presentaba a súa documentación declarándose finalmente que son admitidas á licitación.

Que o licitador **D. Manuel Pardeiro Fernández**, queda excluído da licitación por canto non acredita suficientemente a solvencia económica, técnica e profesional requirida por canto non achega, conforme ao que dispoñen os pregos, cifra anual de negocios do licitador ou cifra anual de negocios no ámbito ao que

se refire o contrato nos últimos tres anos co valor mínimo esixido. Achega relación de obras executadas pero non se acompaña para avalar os correspondentes certificados de boa execución da relación de obras executadas no curso dos últimos 10 anos, correspondentes ao mesmo grupo ou subgrupo de clasificación ao correspondente contrato, tal e como indica o prego de condicións.

Remata este acto, sendo as 11:35 horas e procédese a continuación en sesión pública á apertura das proposicións económicas de conformidade con disposto no prego de condicións, por parte da Mesa de Contratación.

Sendo as 11:40 minutos, a Mesa de Contratación constituída polos membros arriba indicados realiza á apertura do Sobre b), correspondente aos criterios cuantificables de xeito automático.

Sendo o orzamento de licitación do contrato o seguinte :

Orzamento base: 82.526,50€

IVE 21%: 17.330,56€.

Orzamento total: 99.857,06€

De conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas aprobado, se indican os seguintes criterios de adxudicación do contrato, cláusula 17:

Proposición económica. Baixas ofertadas sobre o prezo total do contrato, ata un máximo de 50 puntos.

Melloras.-

a. REDUCCIÓN DE PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA.- O proxecto contempla un prazo de execución de dous meses, propóndose a valoración da redución de prazo ata un máximo de 6 semanas (valorando ata un máximo de 30 puntos pola redución máxima quedando o prazo de execución en 2 semanas para acadar esta puntuación e as restantes valóranse proporcionalmente). O contratista estará na obriga de presentar coa oferta un programa de traballo diario que xustifique o prazo ofertado e reflecta con total claridade as obras a executar diariamente.

b. INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA. O proxecto contempla un prazo de garantía de un (1) ano. Se valorará con seis (5) puntos por cada ano que se aumente dito prazo, cun máximo de vinte e catro (20) puntos por este aspecto, é dicir, catro (4) anos a maiores, facendo un total de cinco (5) anos de prazo de garantía.

Realizada pola Mesa á apertura deste sobre b), criterios cuantificables de forma automática, correspondente ás propostas económicas e melloras, as ofertas presentadas polos licitadores, foron as seguintes:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMIC A SEN IVE	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	INCREMENTO PRAZO GARANTÍA
Zona de Obra O Rosal S.L.U	42.990,39€	Reducción 2 semanas Non achega programa de traballo diario 0 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos

**EXCMO. CONCELLO DE TUI**

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

Servizos Eléctricos Abeldar, S.L	40.909,35€	Reducción de 6 semanas 30 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos
Industrial Eléctrica de Galicia, S.L	41.263,00€	Reducción de 6 semanas 30 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos
Juan R. Font	46.659,00€	Realización obra 15 días Non achega programa de traballo diario 0 puntos	2 anos 5 puntos
Electricidad IN.M.A.C Condado S.L.	45.385,12€	Prazo execución 3 días Non achega programa de traballo diario 0 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos
Valdonaire Soluciones Técnicas S.L.	29.900,00€	Reducción 6 semanas 30 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos
Microled La Mancha, S.L.	32.534,35€	Reducción 6 semanas 30 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos
Pool Time, S.L.	26.362,03€	Reducción 6 semanas 30 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos
Construcciones SEOVI, S.L.	48.800,00€	Reducción 3 semanas 15 puntos	Non incrementa garantía 0 puntos
Enerfree, S.L.	27.419,32€	Realización obra 15 días Non achega programa de traballo diario 0 puntos	12 anos 20 puntos.
New Energy Concept 2020, S.L.	37.000,23€	Prazo de execución 9 días 30 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos
Aopil, S.L	42.306,71€	Reducción 6 semanas 30 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos
Montajes Xacobeo S.L.	26.707,46€	Reducción 6 semanas 30 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos
Mabegal S.L.U.	25.824,57€	Reducción 6 semanas 30 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos

Excavaciones y Construcciones Barreiro S.L.	26.486,74€	Reducción 6 semanas 30 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos
Globaser Soluciones Integrales S.L.	26.045,29€	Reducción 6 semanas 30 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos
Imesapi S.L.	38.848,94€	Reducción 6 semanas 30 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos
Airis Technology Solution S.L.	33.652,73€	Reducción 6 semanas 30 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos
S3 Systems & Solutions, S.L.	29.752,00€	Reducción 6 semanas 30 puntos	4 anos (total 5 anos) 20 puntos
PROMEDIO	35.202,49 €		
LÍMITE BAIXA TEMERARIA	31.682,24 €		

O prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, na cláusula 18ª, establece (...) "Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

- a) Se o contrato debe adjudicarse tendo en conta un único criterio de valoración, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do Regulamento xeral da LCAP.
- b) Cando a adjudicación deba facerse tendo en conta máis de un criterio de adjudicación, sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados. Se só existe unha oferta presentada, se considerará anormal ou desproporcional aquela inferior a un 25% do tipo de prezo de licitación.

1.- Á vista do anterior e co obxecto de determinar se a oferta presentada polas empresas que incorren en baixa temeraria pode ser desproporcionada ou anormal, e tendo en conta a regulación establecida ao efecto no art. 152.3 do TRLCSP, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Solicitar as seguintes empresas:

- Valdonaire Soluciones Técnicas S.L.
- Pool Time, S.L.
- Enerfree, S.L.
- Montajes Xacobeo S.L.
- Mabegal S.L.U.
- Excavaciones y Construcciones Barreiro S.L.
- Globaser Soluciones Integrales S.L.
- S3 Systems & Solutions, S.L.

Ao abeiro do que cita o art. 152.3 do TRLCSP, "xustificación da valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado."

Segundo.- Outorgar un prazo de audiencia dun día hábil aos licitadores, por tratarse dun procedemento urxente, aos efectos de presentar a xustificación solicitada, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello.

Terceiro.- Unha vez rematado o prazo, proceder a remitir a oferta e xustificación presentada ao técnico municipal para a emisión do informe ao que fai referencia o art. 152.3 do TRLCSP.

De seguido se estende a presente acta,, do que eu secretario da mesa de contratación, dou fe.

O Secretario da Mesa de Contratación.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

